

# A PRENSA

Facede escolma de xornais e revistas con diferentes datas. Buscade nesas publicacións todo tipo de noticias que creades que dun xeito ou outro están relacionados co eido ambiental.

- A que sección pertence cada unha delas?
- En que sección do xornal hai máis novas relacionadas cos temas ambientais?.

Xa coñecedes "os seis W" da prensa.

Defínense así porque en inglés as preguntas comezan por esa letra.

En galego, responderían a:

- Que pasou?
- A quen lle pasou?
- Cando pasou?
- Onde sucedeu?
- Como pasou?
- Por que pasou?

Analizade as noticias recollidas vendo se responden a todas estas cuestións.





Le con atención esta noticia. Identificas as diferentes partes?  
Marca á beira de cada parágrafo a súa posición correcta (1,2,3...)

- Cambiarías algo (engadirías, suprimirías)?
- Que titular lle porías?
- E antetítulo e/ou subtítulo?

# DIARIO DE VILAVERDE

Depositar papel e cartón no contenedor azul é unha das formas máis simples de reciclar, salvar árbores e contribuír a un ambiente máis sostible. Por exemplo, por cada tonelada de papel reciclado evitamos a tala de 24 árbores adultas, o consumo de 24 metros cúbicos de auga e 4.100 Kw de electricidade. Calcúlase que, como media, unha familia que recicle papel e cartón durante todo o ano evita que se corten tres árbores e axuda a aforrar enerxía eléctrica para catro meses. E co cartón de pouco máis de media ducia de caixas de cereais pode facerse un libro.

En conmemoración desta efeméride, Sogama colaborará nunha xornada de plantación de especies autóctonas promovida polo concello de Vila Verde. Está previsto que na actividade participen arredor dun cento de escolares dos diversos centros educativos do municipio.

Este 21 de marzo conmemórase o Día Internacional dos Bosques (tamén chamado Día Forestal Mundial), unha data designada en 1971 polos Estados membros da Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) co fin de enxalzar o potencial destes recursos naturais, tanto para o medio ambiente como para o desenvolvemento e o crecemento económico. O Concello de Vila Verde, a través das Concellarías de Medio Ambiente e Medio Rural, así como a de Educación, vai conmemorar o Día da Árbore a través da súa XII Xornada Forestal, contando para isto coa colaboración da Xunta de Galicia e a Sociedade Galega do Medio Ambiente.

A ONU elixiu a data do 21 de marzo para esta conmemoración porque coincide co inicio da primavera no hemisferio norte (e do outono no hemisferio sur). Con esta xornada preténdese sensibilizar a cidadanía sobre a importancia que para a vida teñen os bosques, animando aos países a levar a cabo actuacións a nivel local, nacional e internacional que incidan sobre a concienciación da poboación.

Exemplo diso son as tradicionais campañas de plantación de árbores, estendidas por todo o planeta e orientadas a diferentes colectivos sociais.

A árbore prové lume, teito, descanso, protección e recreación, pero sobre todo e por riba de todo produce o osíxeno que necesitamos para vivir. Os bosques son moito máis que madeira. Máis de 1.600 millóns de persoas nos países máis pobres do mundo sobreviven grazas aos alimentos, os materiais, a auga ou as medicinas que conseguen grazas a eles. Non obstante, a súa situación é preocupante: 76 países perderon todos os seus bosques primarios e outros 11 poden perdilos durante os próximos anos por malas prácticas. Revertir esta situación está nas mans de todos.

Os bosques, que representan máis do 30 por cento do territorio e conteñen o 80 por cento da biodiversidade mundial de animais e plantas, perden anualmente 13 millóns de hectáreas, unha superficie equivalente á cuarta parte da península ibérica. As causas ás que aluden os expertos vincúlanse directamente á actividade humana, e son, entre outras, a sobreexplotación e tala ilegal, a conversión a terras agrícolas e gandeiras, a recolección insostible de madeira, a xestión inadecuada da terra ou as explotacións mineiras e petrolíferas.

Con tal motivo, máis de 150 escolares de infantil e primaria da localidade participarán durante a mañá nunha plantación de especies autóctonas. A actividade estará amenizada con diversas actividades lúdicoeducativas. Todos os participantes recibirán ademais, de mans de Sogama, diverso material didáctico e divulgativo.



- No primeiro grupo podes ver unha escolma de titulares reais que extraemos da prensa. No segundo grupo podes ver textos vencellados. Axúdalle a Sol a establecer a relación entre eles.

**O plástico pode liberar máis de 160 sustancias tóxicas**

**Impulsarán a eficiencia enerxética promovendo o coche eléctrico**

**Comeza a prohibirse o poliestireno nalgúns países**

**Europa promove as bombillas LED e prohibirá en breve a venda das halóxenas**

**Francia fai unha lei contra a obsolescencia programada dos produtos**

Esta espuma branca de plástico é moi usada en embalaxes e envases de alimentos. No caso de non reciclarse é moi perigosa para o medio

Non conteñen contaminantes como o mercurio, o que facilita a súa reciclaxe, consumo ata un 90% menos e duran vinte veces máis

Para frear unha práctica que fai que aumente o consumo de enerxía e recursos, así como a xeración de residuos e de contaminación

Na vida moderna está omnipresente na nosa sociedade, en case todo: recipientes alimentarios, xoguets, computadores, mobles, vehículos e moitos outros obxectos

Non emiten gases contaminantes, a súa fabricación acostuma a ser máis respectuosa co medio ambiente, fan menos ruído e teñen menos avarías



Nos textos anteriores hai palabras que poden ser cambiadas por algún destes sinónimos. A ver se as identificas:

caducidade – lámpada – velenosas – ilegalizarse –  
refrearempaquetados – expulsan – produción

## ESCRIBÍNDOLLE AO XORNAL

- Os xornais a miúdo teñen algún espazo reservado para as mensaxes dos seus lectores. Mesmo nos medios en internet os lectores teñen a miúdo a oportunidade de enviar as súas opinións aos apartados titulados “Cartas ao director/a”.

Fíxate nesta carta que alguén enviou ao Diario de Vilaverde:

Señora directora:

O meu nome é Olalla e son veciña de Vilaverde. Este é o pobo onde nacín e onde vou á escola. Gústame camiñar no paseo que hai á beira do río e tamén pola praia. De pequena recordo ver con meu pai e miña nai os vertedoiros incontrolados de lixo que había nestes dous lugares. Afortunadamente iso cambiou e ese problema desapareceu, pero en Vilaverde temos moito que mellorar. A día de hoxe, nos dous lugares aínda é habitual atopar lixo no chan. Trátase de residuos de todo tipo: latas de refresco, envoltorios de xeados ou de lambetadas diversas, cabichas de cigarriños, neumáticos, botellas, bolsas de plástico, xoguete rotos...

Creo que todos e todas debéramos ser conscientes do dano que lle facemos ao ecosistema.

Xunto cos meus amigos e amigas saio cada quince días de excursión polos arredores de Vilaverde. Nestas marchas, recolleemos o lixo que atopamos. Sorprenderíalle a cantidade de quilos de residuos que xuntamos ao cabo do mes.

Despídome dándolle as grazas por este espazo que me presta no xornal que dirixe. Agardo que quen lea isto tome conciencia da importancia de que todos traballemos por un futuro sostible. Cada pequeno xesto na nosa vida diaria é importante!

Un cordial saúdo.

Escribe agora ti unha carta ao director usando algunha destas palabras:

Reducir – reutilizar – reciclar – cociña  
comida – xardín – horta

